



Fendas. //Arquivo

Diálogo multinacional

Ensaio Ramón Máiz búscalle unha saída federal ao ‘reñidero español’

Quen colla este libro entre as súas mans atopará un texto propio dun académico, no que se pasa revista a arduos asuntos da Ciencia Política. Iso podería facer que máis dun lector o desestimase pero, se está interesado no futuro político de Galicia e de España, cometería un erro. *La frontera interior*, máis aló do modo seco e rigoroso co que está escrito, constitúe unha visión perspicaz do modo en que o “reñidero español” podería deixar de selo. A condición, claro está, de que todos decidamos someter os nosos intereses ás esixencias normativas e ás regras que deciden o que é un estado democrático e liberal.

De feito, este é un libro que non debería pasar desapercibido. Non só en Galicia, ou en Cataluña ou Euskadi. É unha vergoña que políticos en exercicio, xuristas e todos aqueles –filósofos, sociólogos, politólogos– relacionados coa ciencia política en España pechen os ollos ante intentos como este de resolver, dende a máis escrupulosa teoría democrática, o problema político español. Digo español, porque igual que a eventual secesión de Quebec tamén incumbe aos outros canadenses a diversidade nacional española incumbe non só aos que habitamos neses territorios. Na democracia como

procedemento estamos involucrados –debemos estalo– todos.

Dende logo, a tradición do republicanismo federal vive nas páxinas de *La frontera interior*. É unha tradición da que apenas xa ninguén se reclama en España, pero que merecería ser recordada con maior simpatía da que usualmente se lle concede. Máiz, que editou e estudou a Aurelio Aguirre, coñece de primeira man o peso desa corrente na historia de Galicia e o radicalismo democrático do que fixo gala no século XIX. A liña que vai dos seguidores de Pi y Margall aos membros da Organización Republicana Galega Autónoma (ORGA) non sempre é ben comprendida ou acentuada.

La frontera interior é unha obra maior que constitúe unha das raras achegas en España –habería que citar aquí talvez a Ferrán Requejo– a unha teoría do estado liberal compatible coa existencia de nacións internas e a unha teoría da nación que non se aparte un milímetro da esixencia liberal e democrática. A modo de propedéutica Ramón Máiz efectúa unha intelixente lectura da obra de Fichte, Siéyes, Renan e Meinecke que tende a mostrar ata que punto unha hermenéutica da nación está presuposta na formación da conciencia pública en Francia e Xermania. É como se dixese que podemos e debemos cuestionar o esen-

cialismo nacionalista, pero cavilando tamén na presenza que este ten no discurso dos grandes estados.

Non hai nin que dicir que a inordinación de liberalismo e nacionalismo é unha esixencia teórica e práctica. Ten que ver, sen dúbida, coa cousa mesma (alguén estaría disposto a defender un Ser eterno de Galicia contra a vontade dos galegos empíricos? Aínda quedan hegelianos en activo?) pero non cabe dúbida de que admite, na actual conxuntura, unha lectura instrumental. Os intentos de re-nacionalización de España –PP, Ciutadans, UPyD– seguen con frecuencia esta pauta: os nacionalistas e afíns son Románticos e Totalitarios –o que viría a ser o mesmo. España é a Ilustración, o individualismo e a cidadanía. É unha trampa groseira, pero na que non faltan os que caen con entusiasmo.

Máis aló de todos os fundamentos está o federalismo que é o espazo en que facer posible o deseño compartido dun futuro no que a pluri-nacionalidade non sexa contemplada dende o prisma do conflito, e moito menos aínda, como a ocasión de poñer aos adversarios contra as cordas, a base de remover os máis baixos instintos políticos da España central, como os populares adoitan facer. Ese federalismo, entendido como a forma política que adopta o diálogo ininterrompido entre as partes nun estado plural, é o que está no miolo deste libro. Debería estalo, tamén, no miolo das mellores mentes da España contemporánea. // **Antón Baamonde**

La frontera interior ·
Ramón Máiz ·
Tres Fronteras,
2008 ·
293 páx · 12 euros

